

**Acta núm. 15/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 30 de setembro de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.

Non asisten:
José Antonio Vidal González.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 30 de setembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín de xeito telemático, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2025, DO 16/09/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2025, DO 16/09/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.09.2025, acta núm. 14/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Alfredo Varela Nogueira, que di actuar en representación de PROMOCIONES BLANCO BARREIRO, S.L., na que comunica que vai construír un peche polo lindeiro noroeste dun conxunto de parcelas (numeradas 1, 3, 4, 5 e 6) que proveñen dunha segregación autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 10.09.2024, no lugar de San Salvador – Bastavales. O peche terá unha lonxitude de 71,25 m.l., e executarase con dúas fiadas de bloques de formigón, revestido e pintado en cor branca, con postes intercalados e coroados con malla metálica por enriba, ata unha altura total de 1,80 metros.

A parcela de orixe da que procede a segregación (referencia catastral 7724117NH2472N0001EY) onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a unha parte da mesma a ordenanza UC-1, e a outra parte a ordenanza UC-2 do PXOM, e sitúase na aldea de San Salvador que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave SBE1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 12.09.2025 (expediente XTC-2025-1695.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O arranque do peche, en contacto cun vial municipal, deberá de afastarse a 4 metros do eixo do mesmo.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 154,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN LANDEIRA BARBEIRA, na que comunica que vai pintar as fachadas dunha construción destinada a uso industrial, sita no lugar de Buio nº 3 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6044102NH2464N0001ID) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.

Total: 60,00 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DOLORES DIVINA PATIÑO NEO, na que comunica que vai realizar obras na vivenda sita no lugar de Nináns nº 16 – Luaña consistentes en reparar o baño da vivenda e abrir unha gabia no interior da parcela para dar subministro de auga potable á mesma desde o contador a instalar no peche frontal da parcela.

A parcela (referencia catastral 0449406NH2405S0001JF) na que se van executar as obras atópase parte sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1), e parte como non consolidado (NRO-2) do PXOM, e situase na zona de afección dun elemento catalogado polo PXOM, e identificado coa clave LE6 (vivenda en Nináns), e en base ao artigo 45, apartado 2.n da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por David Pallas Aldao, que di actuar en representación de CARMEN MATO CERDEIRA, na que comunica que vai instalar 18 módulos de placas solares para autoconsumo na vivenda sita no Rial nº 13 - Os Ánxeles. As placas, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial David Pallas Aldao en data 30.07.2025 e documentación complementaria de data de 05.09.2025, instalaranse sobre a cuberta da vivenda (9 por cada faldón), de xeito coplanario, sustentándose o conxunto sobre unha subestrutura de aluminio apoiada na cuberta.

A vivenda (referencia catastral 8242721NH2484S0000PT) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 177,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 241,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier Amenedo Ansede, que di actuar en representación de PAULA EITOR CASAL, na que comunica que vai executar obras de acondicionamento do local sito na Avda de Noia 38 – Os Ánxeles, para desenvolver unha actividade docente (academia de baile), segundo o proxecto de obras menores para o acondicionamento de local e memoria de actividade, asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede en data 24.07.2025 e documentación anexa.

A edificación (referencia catastral 6349310NH2465S00046EW) onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Logo de rematadas as obras de ampliación e acondicionamento do local, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ó respecto pola Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, xuntando documento acreditativo do final de obra asinado polo redactor do proxecto de acondicionamento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,21 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,78 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DAVID MANTEIGA SUÁREZ, na que comunica o inicio da actividade de taller de vehículos no lugar de Trasouteiro-Brión, consonte co certificado final da obra asinado polo enxeñeiro industrial José Luis de la Mata Mancebo, con data 30.07.2025, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais con data 30.07.2025.

Antecedentes:

- Con data 17.12.2024, a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obra a DAVID MANTEIGA SUÁREZ para o cambio de uso de actividade dunha edificación sita en Trasouteiro-Brión, para destinala a uso industrial – taller de vehículos, previo ao inicio da actividade, segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro industrial José Luis de la Mata Mancebo, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña con data 17.10.2024 (expte. 197724).

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final da obra asinado polo enxeñeiro industrial José Luis de la Mata Mancebo, con data 30.07.2025, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais con data 30.07.2025 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a actividade de taller de vehículos no lugar de Trasouteiro-Brión, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas de actividade: 184,28 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para a execución do proxecto denominado “SUBSTITUCIÓN CT ARDIÓNS (MAT. 15CBHJ”.

As obras a executar segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Victoriano González Lemos en data 27.02.2024, consisten en substituír un centro de transformación prefabricado de 100 Kva de potencia, implantado na parcela con referencia catastral: 8542707NH1484S0001UJ por outro novo da mesma potencia a implantar na parcela con referencia catastral 8542706NH1484S0001ZJ, afastado a 4,80 metros do eixo do camiño, e a 3 metros do lindeiro particular da parcela. Para dar servizo ó novo CT, proxéctase a instalación dunha liña de media tensión soterrada, de 139 m.l, que conectará o novo centro de transformación compacto coa liña de distribución de media tensión LMT TA2803, procedente da subestación Tambre II e dende o novo C.T. proxectase unha liña soterrada de baixa tensión (20 m.l.) ata conectarse a liña existente de media tensión.

As parcelas (referencias catastrais 8542707NH1484S0001UJ e 8542706NH1484S0001ZJ) na que se pretenden executar as obras atópanse clasificadas polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación na zona oeste (NRO-1) e as obras relativas a liña soterrada sitúanse, na zona de policía do rego innominado (idcurso: 950140070488).

A Xunta de Goberno Local, á vista das autorizacións do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria de data 01.08.2025 (expediente IN407A 2024/145-1), da autorización de Augas de Galicia de data 25.02.2025 (expte. DH.W15.103400) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Cumpríranse as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 25.02.2025 (expte. DH.W15.103400).

.- O novo centro de transformación deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo da pista municipal.

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 5.391,67 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.078,33 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.142,90 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para a execución do proxecto denominado “Reglamentación LMT TA2 803 APOIO 9SF44VVD//D49 (BRIÓN)”.

As obras a executar segundo proxecto asinado pola enxeñeira eléctrica Carlota Martínez Rúa, en data 14.06.2025, consisten en corrixir a distancia antirreglamentaria ao solo existente entre os apoios 9SEGF3DU//D48 e 9SF44VVD//D49 para o que se proxecta a substitución do apoio 9SF44VVD//D49 por un apoio de celosía C-2000-16 en amarre con cruceta E-30 para elevar o tramo.

A parcela (referencia catastral 15013A014002270000UJ) na que se pretende executar as obras aséntase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal (RF), séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo

rústico, en aplicación do disposto pola súa Disposición transitoria primeira letra 2.d) e sitúase na zona de policía do río Tambre.

A Xunta de Goberno Local, á vista das autorizacións do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria de data 02.09.2025 (expediente IN407A 2024/237-1), da autorización de Augas de Galicia de data 12.06.2025 (expte. DH.W15.103233) e dos informes da Consellería do Medio Rural de data 28.05.2025 e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Cumpríranse as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 12.06.2025 (expte. DH.W15.103233).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 115,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,27 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza de obra para dar subministro de gas natural na Avda. Vicente Ramos 4, canalizando unha nova acometida de 3,30 m. de lonxitude desde a rede existente, afectando a un vial de titularidade municipal, segundo o documento técnico asinado polo enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, con visado de 02.09.2025.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral núm. 7650406NH2475S0001DL) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberase repoñer o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 200,00 €, que o interesado deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,33 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,90 euros

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Rodríguez Mourelle, que di actuar en representación de ALBA PAZOS MIGUÉNS e RAFAEL LOUREIRO MANEIRO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Sabaxáns 96 – Bastavales, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 30.05.2025 (expte. 2502997) e anexo asinado con data agosto 2025.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 8017606NH2471N0001MS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1), e linda coa estrada AC-300.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña pola afección da AC-300 para o acceso, de data 09.07.2025 (expte. IF205D/AC/2025/0173) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficios de dirección de obra, dirección de execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde).

Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análogo incidencia.

-. A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto asinado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 30.05.2025 (expte. 2502997) e anexo asinado con data agosto 2025 e ás condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña pola afección da AC-300 para o acceso, de data 09.07.2025 (expte. IF205D/AC/2025/0173).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (4,42 m² asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formación de beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello

mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 4,42m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 25 de setembro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 5.052,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 292,30 euros.

Total: 5.345,00 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Bruno Ferreiro López, que di actuar en representación de MERCEDES MOLDES PAIS, solicitando licenza para reconstruír un tramo de muro de contención existente, de 2 m. de alto, executado en mampostería granítica, empregando o mesmo material e técnica construtiva que o existente, sito no lado noroeste dunha parcela de Alfonsín nº 4 – Cornanda, consonte co proxecto redactado polo arquitecto técnico Bruno Ferreiro López, con visado de 26.06.2025. (expte. VN25001686).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7645409NH1474N0001UT) atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRO-1 (áreas consolidadas pola edificación da zona oeste) e sitúase na aldea de Alfonsín que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: CE1 - CC1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 12.08.2025 (expediente XTC-2025-1635.AUI), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto técnico Bruno Ferreiro López, con visado de 26.06.2025. (expte. VN25001686).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 26,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 122,03 euros.

SEXTO.-ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González